



**ANUNCIO da Comisión de valoración do procedemento de concesión de bolsas de formación práctica en distintas áreas da Axencia Turismo de Galicia durante os anos 2018 e 2019 polo que se convoca aos candidatos admitidos á realización da proba de coñecementos turísticos**

De conformidade co establecido no artigo 11.4 da resolución de 11 de xaneiro de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en diversas áreas da Axencia de Turismo de Galicia publicada no DOG núm. 21 do 30 de xaneiro de 2018, procédese a convocar aos candidatos admitidos á proba de coñecementos turísticos.

**BOLSA OFICINAS**

**Día: xoves 12 de abril de 2018**

**Hora chamamento: 09:45**

**Hora exame: 10:00**

**LUGAR: Aula Room Mate do Centro Superior de Hostelería de Galicia**

**ENDEREZO: Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG). Estrada Santiago-Noia km3 (Lugar de A Barcia) 15897 – Santiago de Compostela**

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, a proba consistirá nun cuestionario tipo test sobre o temario incluído no anexo II. O test constará dun formulario de 50 preguntas con catro respostas alternativas das que só unha será correcta e terá unha duración de 60 minutos. Os candidatos deberán acudir ao exame provistos dun lápis do número 2 e unha goma de borrar

**BOLSA ESTUDOS E INVESTIGACIÓN**

**Día: xoves 12 de abril de 2018**

**Hora chamamento: 11:15**

**Hora exame: 11:30**

**LUGAR: Aula Room Mate do Centro Superior de Hostelería de Galicia**

**ENDEREZO: Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG). Estrada Santiago-Noia km3 (Lugar de A Barcia) 15897 – Santiago de Compostela**

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, a proba constará de 25 preguntas sobre o temario incluído no anexo II. Poderá combinar preguntas de resposta múltiple e preguntas de resposta curta restrinxida e terá unha duración de 60 minutos. Os candidatos deberán acudir ao exame provistos dun lápis do número 2 e unha goma de borrar.

O chamamento comezará quince minutos antes de cada proba. Os candidatos deberán presentar á entrada á proba o **DNI ou documento de identificación equivalente**. Non estará permitido o acceso ao exame a aquelas persoas que non acrediten a súa identificación.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018



O presidente da Comisión de valoración

José Castro Soto

